# Memoria dos actos conmemorativos para celebrar o 75 aniversario do Museo Provincial de Lugo

Fernando Arribas Arias
Antonio Reigosa Carreiras

**Resumo**: Recollemos neste traballo un resumo das diferentes actividades desenvoltas dende o 28 de febreiro de 2007 ao 10 de xaneiro de 2009 con motivo do 75 aniversario da creación e inauguración do Museo Provincial de Lugo.

***Resumen:*** *Recogemos en este trabajo un resumen de las diferentes actividades desarrolladas desde el 28 de febrero de 2007 al 10 de enero de 2009 con motivo do 75 aniversario de la creación e inauguración del Museo Provincial de Lugo.*

***Abstrac:*** *This work is a compilation of different activities that took place from the 28$^{th}$ February 2007 to 10$^{th}$ January 2009 to celebrate the 75$^{th}$ aniversary of the creation and grand opening of Museo Provincial de Lugo.*

## 75 anos de historia

Durante o período comprendido entre o 28 de febreiro de 2007 e o 10 de xaneiro de 2009 desenvolvéronse unha serie de actos que tiñan como obxectivo conmemorar e divulgar os 75 anos de historia do Museo Provincial de Lugo, historia que comeza cando a Excma. Deputación Provincial de Lugo acorda, en sesión celebrada o 29 de febreiro de 1932, aprobar o regulamento polo que se rexerá o Museo Provincial de Lugo (o que na práctica equivale á súa creación) coa posterior formación dunha Xunta Reitora que levará a cabo, durante case dous anos, os traballos de instalación do museo nas dependencias da propia Deputación, traballos que culminan coa inauguración do Museo Provincial de Lugo o 10 de xaneiro de 1934.

Tomando como referencia estas dúas datas, a de creación e a de inauguración, tiveron lugar unha serie de actos conmemorativos do 75 Aniversario do Museo Provincial de Lugo, actos que comezaron o día 28 (lamentablemente este ano non foi bisesto) de febreiro de 2007, coa presentación do programa, e que remataron o día 10 de xaneiro do 2009 cunha **Reinauguración Oficial**, evento que coincidiu en día e hora co celebrado en 1934.

## Comisión organizadora

O día 2 de novembro de 2006, reúnense D.ª Encarnación Lago González, Xerente da Rede Museística Provincial; D. Fernando Arribas Arias, Técnico de Difusión; D. Xoán Ramiro Cuba Rodríguez, Responsable de Publicacións e Redacción, D.ª Mercedes Salvador Castañer, Bibliotecaria e D. Antonio Reigosa Carreiras, Responsable de Comunicación e TIC, e acordan crear unha *Comisión Organizadora dos Actos Conmemorativos do 75 Aniversario da creación do Museo Provincial de Lugo*. Esta comisión, integrada polas citadas persoas, foi a encargada de elaborar, coordinar e levar a cabo un ambicioso programa de actividades que se desenvolverán dende o 28 de febreiro de 2007 ata o 10 de xaneiro de 2009, datas que se corresponden, respectivamente, coa creación (esta ten lugar o día 29 de febreiro de 1932) e inauguración do Museo Provincial de Lugo (producida o 10 de xaneiro de 1934).




Folleto e programa de actos para o 10 de xaneiro de 2009, xornada de clausura do 75 aniversario do Museo Provincial de Lugo

## Lema conmemorativo: RONSEL DE FUTURO

Co lema «75 Aniversario Museo Provincial de Lugo. Ronsel de futuro» pretendeuse, por un lado, agradecer aos que fixeron posible durante estes 75 anos que o museo xerase un ronsel (pegadas ou rastros, simbólicos neste caso) no seu «navegar» desde os comezos ata hoxe e polo outro salientar a vocación de futuro desta institución, e que só vai ser posible tomando do pasado o moito e bo que nos lega.

O lema reproduciuse en carpetas, sobres, folios, invitacións, programas, na web e en toda a papelería e *merchandising* xerado durante o período conmemorativo.

## Exposicións

Durante o intervalo comprendido entre o 28 de febreiro de 2007 e o 10 de xaneiro de 2009 organizáronse 51 exposicións, entre as que cómpre destacar o *Proxecto Abertal* polo número de participantes (preto de cen), polo tempo en que permaneceu aberta ao público e a variedade de temas e técnicas desta mostra colectiva.

- **Mercedes Lence**. Sala de Exposicións da Deputación de Lugo. 15 de marzo de 2007.
- ***La distancia más corta***, de **Quique Bordell**. Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo. 25 de marzo de 2007.
- ***Ismael López***. Sala de Exposicións da Deputación de Lugo. 12 de abril de 2007.
- ***Arte africana*. Colección de Xoán Anllo**. Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo. 3 de maio de 2007.
- ***Pasmadiños e calados furasebes***, de **Xoán Vila**. Sala de Exposicións da Deputación de Lugo. Do 16 de maio ao 22 de xuño de 2007.
- ***Sentir, dicir, gozar***, de **Dolores Guerrero**. Sala de Exposicións da Deputación de Lugo. Do 27 de xuño ao 31 de agosto de 2007.
- ***Desde Picasso***, de **Siro López**. Sala de Exposicións da Deputación de Lugo. 13 de setembro de 2007.
- ***Os corpos como territorio***, de **Isabel Muñoz**. Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo. 19 de setembro de 2007.
- ***Pontes á abstracción: 50 anos do Grupo El Paso***. Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo. 7 de novembro de 2007.
- ***Teatros Putrefactos. «Serie de realidades incómodas»***, de **Iván Prieto**. Sala de Exposicións da Deputación de Lugo. 9 de novembro de 2007.
- ***O Mundo hoxe. Nós***, de **Eduardo Rubio**. Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo. Do 24 de xaneiro ao 17 de febreiro de 2008.
- ***II Certame Internacional de Fotografía sobre a Discapacidade. Fundacion Anade***. Refectorio do Museo Provincial de Lugo. 29 de novembro de 2008.
- ***Rostros da memoria***, de **Xurxo Lobato**. Sala de Exposicións da Deputación de Lugo. 1 de febreiro de 2008.



Abertal, un proxecto que contou coa maioría dos artistas da provincia de Lugo

- *O Himno. Os tempos son chegados*. Refectorio do Museo Provincial de Lugo. Do 15 de febreiro ao 16 de marzo de 2008.
- *Cristino Mallo*. Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo. Do 21 de febreiro ao 30 de marzo de 2008.
- *Xesto da natureza*, de **Miquel Barceló**. Sala número 25 do Museo Provincial de Lugo. Do 26 de febreiro ao 30 de marzo de 2008.
- **Manuel Monteserín**. Sala número 28 do Museo Provincial de Lugo. Do 28 de febreiro ao 28 de marzo de 2008.
- **López Guntín**. Sala número 27 do Museo Provincial de Lugo. Do 28 de febreiro ao 28 de marzo de 2008.
- **Pacios**. Sala número 26 do Museo Provincial de Lugo. Do 28 de febreiro ao 28 de marzo de 2008.
- *Proxecto Abertal. Arte lucense do século XXI*. Salas 29, 30, 31 e 32 do Museo Provincial de Lugo. Do 4 de marzo de 2008 ao 10 de xaneiro de 2009.
- *Os xoguetes esquecidos*. Sala de Exposicións da Deputación de Lugo. 6 de marzo de 2008.
- **Zalo.** *O río da vida*. Salas 25 e 26 do Museo Provincial de Lugo. Do 3 de abril ao 4 de maio de 2008.
- *Gloria Fernández (1945-1996)*. Salas números 27 e 28 do Museo Provincial de Lugo. Do 8 de abril ao 18 de maio de 2008.

- *Bereberes. Señores do deserto*. Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo. Do 10 de abril ao 18 de maio de 2008.
- *[1 2 3 4 5] Cinco fotógrafos para un espazo*. Sala de Exposicións da Deputación de Lugo.
- *O zapato, unha pegada na historia*. Refectorio do Museo Provincial de Lugo. 8 de maio de 2008.
- *Bacabú*. Salas 25, 26, 27 e 28 do Museo Provincial de Lugo. Do 15 de maio ao 29 de xuño de 2008.
- **José M.ª Lugilde.** *Visións en konflito*. Sala de Exposicións da Deputación. 21 de maio de 2008.
- *Zero en conduta*. Traballos de alumnos da E. U. F. do Profesorado do Campus de Lugo coordinados por Vicente Blanco. Refectorio do Museo Provincial de Lugo. 10 de xuño de 2008.
- *The Living Museum. Un legado sonoro fascinante*. Colección de instrumentos musicais dos séculos XVI ao XVIII da Fundación Orpheon. Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo. Do 12 de xuño ao 20 de xullo de 2008.
- **Paula Salinas**. Sala número 24 do Museo Provincial de Lugo. 11 de xuño de 2008.
- **Fina Eiros**. Salas números 25 e 26 do Museo Provincial de Lugo. Do 3 de xullo ao 10 de agosto de 2008.
- **Antón Goyanes**. Salas números 27 e 28 do Museo Provincial de Lugo. Do 4 de xullo ao 10 agosto de 2008.
- *Fotonoticias*. Sala de Exposicións da Deputación de Lugo. 31 de xullo de 2008.
- *A pel dos sentidos*. Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo. Do 4 ao 31 de agosto de 2008.
- **Noemy Mazoi.** *Esc-ala* . Sala número 25 do Museo Provincial de Lugo. Do 14 de agosto ao 19 de setembro de 2008.
- **Baldomero Pestana**. Salas números 26 e 27 do Museo Provincial de Lugo. Do 3 de setembro ao 2 de outubro de 2008.
- **Xedes Peón**. Sala de Exposicións da Deputación de Lugo. 4 de setembro de 2008.



Inauguración da exposición *75 imaxes para 75 anos*

Exposición retrospectiva: *Doreste*



- *Dalí, a Divina Comedia*. Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo. Do 10 de setembro ao 12 de outubro de 2008.
- **Joaquín García Gesto.** *Out side*. Sala número 25 do Museo Provincial de Lugo. Do 7 de outubro ao 2 de novembro de 2008.
- *Libros do Demo: grimorios e ciprianillos*. Sala de Exposicións da Deputación de Lugo. 9 de outubro de 2008.
- *A casa de Heno*, de **Estefanía Novo**. Sala de Exposicións da Deputación de Lugo. 4 de novembro de 2008.
- **Bernardo Tejeda.** *Os santos: Trece epígonos*. Sala número 25 do Museo Provincial de Lugo. Do 7 ao 28 de novembro de 2008.
- **Ángel González Doreste**. Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo. Do 14 de novembro ao 28 de decembro de 2008.
- **Diego Casado.** *A poética do baleiro*. Sala número 6 do Museo Provincial de Lugo. Do 20 de novembro ao 20 de decembro de 2008.
- *Q D Q: Novas formas de mirar o álbum ilustrado. Unha exposición sobre o Álbum ilustrado como obxecto artístico*. Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo. 27 de novembro de 2008.
- *Os Urogallos*. Salas números 27 e 28 do Museo Provincial de Lugo. Do 5 ao 31 de decembro de 2008.
- *III Certame Internacional de Fotografía sobre a Discapacidade. Fundación Anade*. Refectorio do Museo Provincial de Lugo. Do 19 de decembro de 2008 ao 4 de xaneiro de 2009.
- **Fernando Villapol.** *Conversas con Reabsu*. Sala de Exposicións da Deputación de Lugo. 23 de decembro de 2008.
- **Celso Dourado.** *Arredor do debuxo*. Salas números 25, 26, 27 e 28 do Museo Provincial de Lugo. Do 9 de xaneiro ao 4 de febreiro de 2009.
- *Mostra Fotográfica do 75 Aniversario do Museo Provincial de Lugo*. Refectorio do Museo Provincial de Lugo. 10 de xaneiro de 2009.



Exposición retrospectiva:
*Os Urogallos*

## Proxecto *Incisións*

O Museo Provincial encargoulle ao artista Ignacio López o comisariado do proxecto *Incisións* que consistiu na elaboración dunha carpeta de gravados orixinais executados por artistas plásticos e gravadores lucenses. Con este proxecto que implicou a colaboración de 26 artistas, á parte de constituír un imperecedoiro obxecto artístico conmemorativo da efeméride do Museo, quíxose tamén poñer ao dispor do público a través dunha exposición itinerante pola provincia un testemuño histórico-cultural de actualidade e de incalculable valor e riqueza. A exposición *Incisións* —cos 26 gravados, realizados con distintas técnicas e as correspondentes pranchas— expúxose entre os días 5 e 24 de maio na Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos, e despois percorreu en itinerancia distintos concellos da provincia de Lugo.

Artistas que participaron na mostra: Mónica Alonso, Francisco Amat, García-Boente, Quique Bordell, Alejandro Carro, Santiago Catalán, Espiral, García-Gesto, Roberto González Fernández, Guerreiro, Honorio, Sara Lamas, Lomartí, Macía, Luis Moscardó, Senén Olano, J. Otero-Yglesias, Elena Pendás, Juan Miguel Prada, Xermán Refojo, M.ª José Santiso, Isabel Somoza, Bernardo Tejeda, Vázquez Cereijo, Vieiro e Ignacio López.

## Conferencias

Nestes dous anos celebráronse as seguintes conferencias:

- ***Pensa no que ves***, a cargo de Amelia Arenas, ex directora do servizo educativo do MOMA de Nova York. Esta conferencia tivo lugar no Museo Provincial de Lugo o 13 de febreiro de 2008, como colofón do seminario do mesmo título.

- ***Os microcréditos***, a cargo da profesora india N. Manimekalai. Conferencia desenvolta o día 13 de abril de 2008 dentro dos actos programados pola ONG *Implicados/as no desenvolvemento* que durante o mes de abril tiveron lugar no Museo Provincial de Lugo.
- ***The Living Museum. Un legado sonoro fascinante***, a cargo de José Vázquez, profesor en Austria de viola da gamba. Tivo lugar o 12 de xuño de 2008 no Museo Provincial de Lugo.
- ***A muralla romana de Lugo: un patrimonio vivo***, a cargo de Enrique Alcorta Irastorza. Conferencia realizada o día 29 de novembro de 2007 con motivo do sétimo aniversario da declaración da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade.
- ***Monthumenhat de Tebas, señor do Alto Exipto. escavacións no complexo Monthumenhat, últimas campañas e resultados,*** a cargo de Emilio Illarregui Gómez, profesor da Universidade Internacional de Segovia. Conferencia desenvolta o 7 de marzo de 2008 no Refectorio do Museo Provincial de Lugo.
- ***Mesa redonda sobre a censura***, coa participación dos xornalistas Manuel Rodríguez Castro, Ángel de la Vega, Rafael Vilaseca e Alfredo Sánchez Carro. Organizada pola Asociación da Prensa de Lugo co gallo do Día da Liberdade Internacional da Liberdade de Expresión. Desenvolveuse o día 9 de maio de 2008 no Museo Provincial de Lugo.
- ***Reporteiros Sen Fronteiras***, a cargo de Marisol Castro León, membro da xunta directiva desta asociación. Organizada pola Asociación da Prensa de Lugo e o Museo Provincial de Lugo, esta conferencia desenvolveuse o 23 de maio de 2008 no devandito museo.
- ***Galicia, terra de grandes estudosos do papel: Gonzalo Gayoso Carreira***, a cargo de M.ª del Carmen Hidalgo Brinquis, Secretaria da Asociación Hispánica de Historiadores do Papel e Xefa do Servizo de Libros e Documentos do Instituto do Patrimonio Histórico Español. Conferencia celebrada o día 8 de xullo de 2008 no Refectorio do Museo Provincial de Lugo.

## Publicacións

**Catálogos publicados en 2008**
*Ángel González Doreste*
*Blas Lourés. Unha vida en chamas*
*Fluxo e refluxo no mar da arte*
*Gloria Fernández 1945-1996*
*Xoán Vila. Pasmadiños e calados furasebes*

**Catálogos publicados en 2009**
*Celso Dourado. Retrospectiva. Arredor do debuxo*
*Guerreiro. Aluguer de soños*
*Rexistros abertos*

**Colección Ronsel**
*01. Zalo. O río da vida*
*02. García-Gesto. Out Side*
*03. José María Lugilde. Visións en konflito*
*04. Diego Casado. A poética do baleiro*
*05. Antón Goyanes*
*06. Manuel Monteserín*
*07. Paula Salinas*
*09. Estefanía Novo. A casa de Heno*
*10. Bernardo Tejeda. Os santos: Trece epígonos*
*12. Iván Prieto*
*20. Hixinio Flores. Inquedanzas*

**Boletín do Museo Provincial de Lugo. Tomo** XIII (2006/2007/2008)

**Outras publicacións**
*Contos de medo no museo* (reed.)

**Publicacións conmemorativas do 75 aniversario**
*Carpeta de gravados do proxecto «Incisións. 75 aniversario».* Coord. Ignacio López
*Axenda do Museo Provincial de Lugo 2008*
*Axenda do Museo Provincial de Lugo 2009*
*Calendario do Museo Provincial de Lugo 2007*
*Calendario do Museo Provincial de Lugo 2008*
*Calendario do Museo Provincial de Lugo 2009*
*Programa de actos 10 de xaneiro de 2009* (díptico)
*Marcapáxinas.* 12 modelos e estoxo.

*Cartafol: Guía Gráfica do Museo Provincial de Lugo*
Coleccionable de 75 láminas con motivo do 75 Aniversario do Museo Provincial de Lugo.
Coordinación: Antonio Reigosa
Autores dos textos: Enrique Alcorta Irastorza, Fernando Arribas Arias, M.ª Ofelia Carnero Vázquez, Xoán R. Cuba Rodríguez, M.ª del Rosario Fernández González, J. Manuel Mendoza Castiñeira, María Quiroga Figueroa, Antonio Reigosa Carreiras, Paula Salinas Somoza, M.ª de las Mercedes Salvador Castañer, Lucila Yáñez Anlló.
Fotografías: Germán Limeres

Relación de láminas:

I Museo Prov. de Lugo. Fachada principal
II Museo Prov. de Lugo. Refectorio
III Pipa de escuma de mar
IV Xarro de Gundivós
V Museo Provincial de Lugo. Lareira

VI Xarra de trampa de Bonxe (Meiga)
VII Reloxo de peto
VIII Museo Provincial de Lugo. Claustro
IX Reloxo de sol
X Figa de acibeche
XI Sartego de Zolle
XII Bargueño
XIII Cadeado de truco
XIV *A Virxe e o neno entre Santa Cecilia e Santa Inés* de F. Vanni
XV Portapaz
XVI San Cosme
XVII Cruz procesional, de I. de Montanos
XVIII *Xuízo Final* (Anónimo)
XIX San Diego de Alcalá
XX Mosaico de Dédalo e Pasífae (detalle)
XXI Estela funeraria de Crecente
XXII *Ofrenda a San Ramón*, de F. Asorey
XXIII *San Francisco*, de F. Asorey
XXIV *Busto de Vázquez Seijas*, de E. Rodríguez Osorio
XXV Torques de Burela
XXVI Pendente visigótico
XXVII Arracada de Bretoña
XXVIII Carneiro alado
XXIX Alabarda de sílex
XXX Molde bivalvo de Cotá
XXXI Lucerna
XXXII *Tábula hospitalis* do Courel
XXXIII O *Salvador* de Muxa
XXXIV Águia do Courel
XXXV Crátera
XXXVI Cabeza de Venus
XXXVII Relevo de Atán
XXXVIII Relevo de Adai
XXXIX *Caetra* de Lucus
XL Sapo con colar
XLI Baldaquino (fragmento)
XLII *Interior dun templo*, de J. Pérez Villamil
XLIII *Zanfona*, de D. Fierros
XLIV *Nenos con cabra*, de F. Álvarez de Sotomayor
XLV *Romaría*, de C. Sobrino
XLVI *Costa guardesa*, de A. Fernández
XLVII *Postal de Lugo*, de M. Mallo
XLVIII *Lendo a carta do fillo*, de J. M. Acuña

IL *A feira*, de M. Colmeiro
L *Figura do pobo*, de M. García de Buciños
LI *Meigallo*, de M. Bonome
LII *Nai*, de T. Grandío
LIII *Mariñeiros na brega*, de J. Puchades
LIV *O camión*, de A. González Doreste
LV *O soño adolescente*, de M. Bujados
LVI *Cruceiro*, de A. R. Castelao
LVII Plano de Lugo (séc. XVIII)
LVIII *Praza Maior*, de M. Castro Gil
LVIII *Aldeana*, de L. Villaamil
LX *Autorretrato*, L. Villaamil
LXI *Fame en Lugo*, de X. Corredoyra
LXII Título de Marqués de Hombreiro
LXIII *Escola de Doloriñas*, de J. Minguillón
LXIV Epígrafe (cipo) romano
LXV *Monforte*, de J. Prieto Nespereira
LXVI Facsímil do Códice Calixtino (detalle)
LXVII Reloxo de Sargadelos
LXVIII Prato de Santiago de Sargadelos
LXIX Ánfora de La Granja
LXX Reloxo, de J. A. Fernández Lombardero
LXXI Figura de Bohemia
LXXII Abano
LXXIII *Paisaxe,* de C. de Haes
LXXIV *Cigarreiras*, de G. Bilbao
LXXV Museo Prov. de Lugo. Interior (ampliación 1997)




Cartafol: coleccionable con
*75 láminas para 75 anos*

### 75 Festas para celebralo: actividades para familias

Actividades dirixidas a familias que se desenvolveron todos os sábados e domingos, ás 12 horas, desde o 22 de marzo de 2008 ata o 4 de xaneiro de 2009: monicreques, contacontos, cantacontos, poesía, maxia, obradoiros, documentais, teatro, cine, música. Coa denominación «O museo quérete», e co obxectivo de facer chegar á rúa a información sobre estas actividades, actores e actrices do grupo de teatro Achádego colaboraron na difusión destas actividades, caracterizados de personaxes de obras do Museo. Coordinación: Antonio Reigosa.

- **1ª festa: 22 de marzo de 2008**
  Monicreques: *Cinco historias para unha man*. Spaguetti Títeres
- **2ª festa: 23 de marzo de 2008**
  Obradoiro de ilustración: *Poñendo imaxes para un conto*. Noemí López
- **3ª festa: 29 de marzo de 2008**
  Narración oral: *Moito conto*. Ana Carreira
- **4ª festa: 30 de marzo de 2008**
  Maxia: *Laberinto de ilusións*. Mago Román
- **5ª festa: 5 de abril de 2008**
  Música: *DVÁ!, músicas para viaxar.* Vadin Yuknnevich e Manolo Panforreteiro
- **6ª festa: 6 de abril de 2008**
  Narración oral e animación: *Contamos todos*. Oswaldo Digón
- **7ª festa: 12 de abril de 2008**
  Poesía: *Xogando cos versos*. Antonio García Teijeiro
- **8ª festa: 13 de abril de 2008**
  Documentais: *A cidade perdida dos incas* e *A cidade prohibida*
- **9ª festa: 19 de abril de 2008**
  Narración oral: *Sentimentacontos*. Fátima Fernández

*Ronsel de futuro*: participantes nun obradoiro de ilustración a cargo de Noemí López





*O circo das pulgas*, por Carruselo

- **10ª festa: 20 de abril de 2008**
  Documentais: *Genghis Khan* e *Stanley /Livingstone*
- **11ª festa: 26 de abril de 2008**
  Narración oral e música: *De contar e cantar.* Antón Castro
- **12ª festa: 27 de abril de 2008**
  Animación: *Galizas pulgas circus*. Circo de pulgas Carruselo
- **13ª festa: 3 de maio de 2008**
  Documentais: *Marco Polo* e *Arquímedes*
- **14ª festa: 4 de maio de 2008**
  Narración oral: *Os contos do bardo Abelardo*. Servando Barreiro
- **15ª festa: 10 de maio de 2008**
  Monicreques: *Tío Miseria*. Fantoches Baj
- **16ª festa: 11 de maio de 2008**
  Maxia: *Sesión de maxia*. Carlos Coira
- **17ª festa: 17 de maio de 2008**
  Teatro: *O pazo de papel* (1ª función). Buratini Teatro
- **18ª festa: 18 de maio de 2008**
  Teatro: *O pazo de papel* (2ª función). Buratini Teatro
- **19ª festa: 24 de maio de 2008**
  *Xogos populares*. Asociación Sociocultural «O Cadaval» de Pacios
- **20ª festa: 25 de maio de 2008**
  Narración oral: *Contos desta e doutras terras*. Paula Carballeira

Xogos populares a cargo da
Asociación O Cadaval



- **21ª festa: 31 de maio de 2008**
  Música e narración oral: *Devagariño coa música*. Cuarteto de vento: Laura Alonso, Víctor González, David López e Julián Villamor. Narradora: Ángeles Pascual
- **22ª festa: 1 de xuño de 2008**
  Monicreques: *Os tres porquiños e algún outro*. Mario Tomás
- **23ª festa: 7 de xuño de 2008**
  Narración oral: *Contando con miradas de caracol*. Raquel Galavís
- **24ª festa: 8 de xuño de 2008**
  Documentais: *Barcos* e *Sumerxibles*
- **25ª festa: 14 de xuño de 2008**
  Maxia: *maxia e humor*. Mago Vituco
- **26ª festa: 15 de xuño de 2008**
  Música: *Cóxegas de sons*. Xoán Curiel
- **27ª festa: 21 de xuño de 2008**
  Narración oral: *Contos*. Avelino González
- **28ª festa: 22 de xuño de 2008**
  *Xogos populares*. Asociación Sociocultural «O Cadaval» de Pacios
- **29ª festa: 28 de xuño de 2008**
  Obradoiro de creación: *Creamos collage*. Iván Prieto
- **30ª festa: 29 de xuño de 2008**
  Documentais: *Os pobos indios* e *Os cabaleiros templarios*
- **31ª festa: 5 de xullo de 2008**
  Documentais: *O reloxo* e *machados, espadas e coitelos*
- **32ª festa: 12 de xullo de 2008**
  Teatro: *Historia dunha semente*. Caramuxo teatro
- **33ª festa: 19 de xullo de 2008**
  *Xogos populares*. Asociación Sociocultural «O Cadaval» de Pacios



Maxia, con Carlos Coira

- **34ª festa: 26 de xullo de 2008**
  Documentais: *Thomas Edisson* e *George Eastman*
- **35ª festa: 2 de agosto de 2008**
  Narración oral: *Ximnasia da imaxinación*. Anxo Moure
- **36ª festa: 9 de agosto de 2008**
  Obradoiro de creación: *Enxóiate*. Miguel Caamaño
- **37ª festa: 16 de agosto de 2008**
  Documentais: *Homes de xeo: R. Falcon Scot e Ernest Shackleton*
- **38ª festa: 23 de agosto de 2008**
  Música: *Melodías de onte, de hoxe e de sempre*. Iulius XIII
- **39ª festa: 30 de agosto de 2008**
  Documentais: *Homes de ciencia: Leonardo da Vinci e Isaac Newton*
- **40ª festa: 6 de setembro de 2008**
  Música tradicional: *A cadea crítica dos nosos instrumentos*. Xavier Blanco
- **41ª festa: 7 de setembro de 2008**
  Obradoiro de creación: *Os marcianos non son verdes*. Mónica Alonso
- **42ª festa: 13 de setembro de 2008**
  Documentais: *Navegantes: Cristobal Colón* e *Amelia Earhart*
- **43ª festa: 14 de setembro de 2008**
  Documentais: *A estación espacial* e *Globos aerostáticos*
- **44ª festa: 20 de setembro de 2008**
  Música e poesía: *Ximcana poético-musical*. Marta Pumares
- **45ª festa: 21 de setembro de 2008**
  Documentais: *Descubrimentos precolombinos. Segredos do imperio azteca e Os maia*
- **46ª festa: 27 de setembro de 2008**
  *Xogos populares*. Asociación Sociocultural «O Cadaval» de Pacios

Danza Universitaria na Sala de Mosaicos



- **47ª festa: 28 de setembro de 2008**
  Maxia: *Laberinto de ilusións*. Mago Román
- **48ª festa: 4 de outubro de 2008**
  Documentais: *Grandes inventos*. *Inventos antigos* e *Inventos de guerra na vida civil*
- **49ª festa: 5 de outubro de 2008**
  Narración oral: *Moito conto*. Ana Carreira
- **50ª festa: 11 de outubro de 2008**
  Monicreques: *Chincha rabincha*. A Xanela do Maxín
- **51ª festa: 12 de outubro de 2008**
  Música: *O deserto de Rub Al-Khalib*. DVÁ! (Vadin Yuknnevich e Manolo Panfo-rreteiro)
- **52ª festa: 18 de outubro de 2008**
  Documentais: *Imáns* e *plásticos*
- **53ª festa: 19 de outubro de 2008**
  Documentais: *Grandes inventos: O vidro* e *O motor*
- **54ª festa: 25 de outubro de 2008**
  *Xogos populares*. Asociación Sociocultural «O Cadaval» de Pacios
- **55ª festa: 26 de outubro de 2008**
  Maxia: *Artemaxia*. Carlos Coira
- **56ª festa: 1 de novembro de 2008**
  Narración oral: *Os amigos de Peruchiño*. M.ª Inés Cuadrado
- **57ª festa: 2 de novembro de 2008**
  Documentais: *Ponce de León* e *James Cook*
- **58ª festa: 8 de novembro de 2008**
  Narración oral: *Palabras asombradas*. Fátima Fernández
- **59ª festa: 9 de novembro de 2008**
  Documentais: *Edmund Hillary* e *Neil Armstrond*



Concerto do ciclo «Espazos sonoros» no claustro

- **60ª festa: 15 de novembro de 2008**
  Monicreques: *A lampariña de cristal*. Teatro do Liló
- **61ª festa: 16 de novembro de 2008**
  Documentais: *Pirámides e deuses gregos* e *Grandes obras de enxeñería*
- **62ª festa: 22 de novembro de 2008**
  Documentais: *A roda* e *Helicóptero e autoxiro*
- **63ª festa: 23 de novembro de 2008**
  Narración oral e música: *De contar e cantar.* Antón Castro
- **64ª festa: 24 de novembro de 2008**
  Documentais: *Marco Polo e Arquímedes*
- **65ª festa: 30 de novembro de 2008**
  Música e narración oral: *Devagariño coa música*
  Cuarteto de vento: Laura Alonso, Víctor González, David López e Julián Villamor.
  Narradora: Ángeles Pascual
- **66ª festa: 6 de decembro de 2008**
  Documentais: *Grecia e A Atlántida*
- **67ª festa: 7 de decembro de 2008**
  Animación: *Galizas pulgas circus*. Circo de pulgas Carruselo
- **68ª festa: 13 de decembro de 2008**
  Narración oral: *Animal de mil mañas*. Paula Carballeira
- **69ª festa: 14 de decembro de 2008**
  Documentais: *Cartografía e Observatorios*

- **70ª festa: 20 de decembro de 2008**
  Narración oral: *Contos do apalpabarrigas*. Anxo Moure
- **71ª festa: 21 de decembro de 2008**
  Documentais: *A cidade* e *Troia*
- **72ª festa: 20 de decembro de 2008**
  Narración oral teatralizada: *O principiño en Madagascar*. Raquel Galavís
- **73ª festa: 28 de decembro de 2008**
  Documentais: *A cidade perdida dos incas* e *A cidade prohibida*
- **74ª festa: 29 de decembro de 2008**
  Monicreques: *Chímpete chámpete*. Spaguetti Títeres
- **75ª festa: 4 de xaneiro de 2009**
  Teatro: *O rato de biblioteca*. Palimoco

## Contra o muro

Esta actividade consistiu nunha serie de proxeccións audiovisuais nas fachadas do Museo, tanto na principal, Praza da Soidade, como nas do xardín da Praza Fillos de Antón de Marcos. Pretendeuse, dalgún modo, sacar o Museo Provincial á rúa e, simbolicamente, traspasar os seus muros. Cada día 10 dos meses do período conmemorativo presentáronse distintas series fotográficas con contidos referentes ás pezas, coleccións, edificios e historia do noso Museo.

Coordinador: Germán Limeres.



*Contra o muro*: Proxeccións nocturnas no exterior do Museo

## Proxeccións cinematográficas

Ademais das sesións infantís celebradas algún sábado e domingo pola mañá dentro das *75 festas para celebralo,* o Museo Provincial de Lugo acolleu as seguintes proxeccións cinematográficas:

*Un viaje por Galicia.* 17 de maio de 2007
*A mariñeira,* xaneiro 2008
*Cantos rodados,* novembro 2008

## Cursos

***V Curso da Arte Galega***
Dedicado nesta edición ao *O Renacemento en Galicia: a súa relevancia na provincia de Lugo*, este curso desenvolveuse do 23 ao 27 de abril de 2007. Organizado polo Museo Provincial de Lugo en colaboración coa Universidade de Santiago (Facultade de Humanidades de Lugo), coordinado por Fernando Arribas Arias e Ana Goy Diz. De 34,50 horas lectivas, contou co aval das tres universidades galegas, ademais de estar homologado pola Xunta de Galicia para guías intérpretes de turismo. Participaron como relatores: José Manuel García Iglesias, José Soraluce Blond, Pegerto Saavedra Fernández, Gonzalo Fernández Suárez, Hortensio Sobrado Correa, Ana Goy Diz, Rosa María Vázquez Santos, Leopoldo Fernández Gasalla, Carlos Nuevo Cal, Yolanda Barriocanal López, Juan Manuel Monterroso Montero, Juan Manuel López Vázquez, Marica López Calderón, Rosa Cacheda Barreiro e Francisco Xabier Louzao Martínez.

***XV Xornadas Pedagóxicas do Museo Provincial de Lugo***
Tema: Os museos e a educación: metodoloxías, experiencias e propostas
Datas: 5, 6 e 7 de xuño de 2007
Duración: 12 horas
En colaboración co Centro de Formación e Recursos de Lugo. Consellería de Educación da Xunta de Galicia
Coordinación: Marta Arias López e Antonio Reigosa Carreiras
Relatores: Antón Costa Rico, José Benito Pardo López-Abad, Antonio Reigosa Carreiras, Luis Caballero García, Lucía Dequidt Lagares, Enrique Alcorta Irastorza, Raquel Guerrero Prieto, Paula Salinas Somoza, M.ª Anunciación Losada Montenegro, Lucía Dequidt Lagares e J. Manuel Mendoza Castiñeira.

***Capacidades diferentes. Museos sen límites***
Coordinada polo Departamento de Difusión do Museo Provincial de Lugo, esta xornada, celebrada o 30 de novembro de 2007, estaba dirixida a mellorar algúns aspectos da formulación museográfica dos museos que integran a Rede Museística Provincial,

Cursos de formación: Xornadas Pedagóxicas



ao tempo que pretendía tamén ser un foro de reflexión e debate sobre a relación dos museos cos colectivos de capacidades diferentes, co obxecto de conseguir unha maior interacción de todos os sectores implicados. Nesta xornada participaron como relatores Marta Miró i García, Margarita Belinchón García, Miguel Moreno Torbellino e Aquilino González Álvarez, ademais de José Antonio Romero Rodríguez, Eva María Meijide Fernández, M.ª de los Ángeles Fernández de Usera, Cristina Barreiro González, Purificación López Ferreiro, Alejandro Coello García, Delfina Pérez Suárez, Encarnación Lago González e Fernando Arribas Arias.

***Pensa no que ves***

Froito da colaboración entre o Centro Galego de Arte Contemporánea (CEGAC) e Museo Provincial de Lugo, foi este seminario impartido por Amelia Arenas, historiadora da arte, escritora, comisaria independente e antigamente responsable do servizo educativo do MOMA de Nova York. Coordinado por Irene Mera, Cristina Trigo e Fernando Arribas, este seminario tivo lugar os días 11 e 12 de febreiro de 2008 e nel tentouse unha aproximación á complexidade do fenómeno da percepción da arte por parte do público, da súa resposta ante as obras, tratando de explorar e cuestionar estratexias e diferentes ferramentas tradicionais que empregan os educadores e os museos na procura dese achegamento.

***VI Curso da Arte Galega***

Organizado polo Museo Provincial de Lugo en colaboración coa Universidade de Santiago (Facultade de Humanidades de Lugo) e coordinado por Fernando Arribas Arias e Ana Goy Diz, este curso de 34,50 horas lectivas contou co aval das tres universidades galegas, ademais de estar homologado pola Xunta de Galicia para guías intérpretes de turismo. Dedicado nesta edición ao *Barroco en Galicia: a súa relevancia na provincia de Lugo (1ª parte),* desenvolveuse do 14 ao 18 de abril de 2008. Neste



Cursos de formación: *Pensa no que ves*

curso interviron como relatores: Antonio Bonet Correa, José Manuel García Iglesias, Ofelia Rey Castelao, José Ramón Soraluce Blond, Pegerto Saavedra Fernández, Concepción Burgo López, María Dolores Pereira Oliveira, Antonio Presedo Garazo, Ana Goy Diz, Miguel Taín Guzmán, Juan Manuel Monterroso Montero, María Jesús Burgo Regueiro, Leopoldo Fernández Gasalla, Fernando Arribas Arias, Iván Rega e Yolanda Barriocanal López.

***XVI Xornadas Pedagóxicas do Museo Provincial de Lugo***
Tema: Os museos e a escola: propostas de intercomunicación
Datas: 3, 4 e 5 de xuño de 2008
Duración: 12 horas
En colaboración co Centro de Formación e Recursos de Lugo-Consellería de Educación da Xunta de Galicia
Coordinación: Marta Arias López e Antonio Reigosa Carreiras
Relatores: Vicente Blanco Mosquera, Fernando Gómez Jácome, Jorge Núñez Lodeiro, Xulia Santiso, Olaia Fontal Merillas, Encarna Lago, J. Urbano Cueva Mateo, Lucía Dequidt Lagares, Raquel Guerrero Prieto, M.ª Anunciación Losada Montenegro, J. Manuel Mendoza Castiñeira, Antón Rodríguez Prieto, Paula Salinas Somoza, Francisca Abuín Villar e Noemi Díaz Orol.

***I Curso de verán de Antropoloxía***
Organizado polo Museo Provincial de Lugo en colaboración coa Universidade de Santiago (Facultade de Humanidades de Lugo) e coordinado por Fernando Arribas Arias e Xaquín Rodríguez Campos, este curso de 32 horas lectivas contou co aval das tres universidades galegas, ademais de estar homologado pola Xunta de Galicia para guías intérpretes de turismo. Dedicado nesta edición á *Construción das identidades e a musealización das culturas populares*, desenvolveuse do 7 ao 11 de xullo de 2008.

Como relatores participaron: Joan Frigolé Reixach, Nieves Herrero Pérez, António Fernando Gomes Medeiros, X. Antón Fidalgo Santamarina, José Manuel González Reboredo, Jean. Yves Durand, Xosé R. Mariño Ferro, José Manuel Blanco Prado, Fernando Arribas Arias, Antonio García Allut, Elena Freire Paz, Xaquín Rodríguez Campos e Sharon R. Roseman.

### Revista oral: *O Pazo das Musas*

Durante o período comprendido entre o 28 de febreiro de 2007 e o 10 de xaneiro de 2009 desenvolvéronse 8 números da revista oral que se sumou á conmemoración do 75 aniversario dedicando parte dos seus contidos ás persoas, coleccións e historia desta institución. De todas elas arquivouse sumario impreso e unha gravación audio-videográfico. Coordinación: Antonio Reigosa.

**N.º 9. 29 de marzo de 2007, ás 20 horas**
Monográfico dedicado a A. Noriega Varela con motivo do sesaxésimo aniversario do seu pasamento.
Música: Miguel Lustres, Xoán L. F. Saavedra e Antón Castro
Lectura: *De ruada*, por C. Lombao
Exposición virtual: M.ª Xosé Merino
Memoria familiar: Daniel Noriega e Santi Noriega
*Antonio Noriega Varela, a época, vida e obra*: X. Ramón Freixeiro Mato

**N.º 10. 28 de xuño de 2007, ás 20 horas**
Música: Fran
Lecturas: Paco Rivas e M.ª de las Mercedes Salvador Castañer
O Museo Provincial de Lugo na prensa: Fernando Arribas
Memorias do Museo: *A colección de arte africana de Xoán Anllo*, por M.ª del Rosario Fernández González
10 anos de libros: *No décimo aniversario da Librería Trama*, por Carlos Coira

**N.º 11. 27 de setembro de 2007, ás 20 horas**
Monográfico dedicado ao proxecto *SMS Urxente! Museo + Xuventude*, de Rubén Pérez Pombo. Interviñeron creadores novos: escritores, pintores, actores, cineastas, ilustradores, músicos…
Música: Keep going, Fernando Díaz e Os Psicoacústicos
Escritores: Carmen Conde, Óscar A. Rojas, Lupe Bao, Teresa G. Senra e Víctor Mouronte
Pintores: Javier Rey, Paula Leira, Ruth Núñez, Mónica F. Rojas, Cristina Núñez e Iván Mouronte
Teatro: Sara Iglesias, Rubén Pérez, Alejandra Pillado e Paula Fernández
Cine: Silvia Fariñas, Iria Martínez, Brian Rodríguez, Jana Núñez e Marifí Ares
Produción: David Díaz, Toni Vázquez, Reserva musical e Arturo Vaquero



Revista oral: *O pazo das musas*

**N.º 12. 27 de decembro de 2007, ás 20 horas**
Música: Xavier Blanco
O Museo Provincial de Lugo na prensa: Fernando Arribas
Memorias do Museo: *Análise grafolóxica das sinaturas dalgúns visitantes ilustres, por* Laura Lizancos
Memorias do Museo: *Algunhas curiosidades do Museo P. de Lugo, por* Antonio Reigosa
Lectura: Lorena Souto
Exposición virtual: *Serie de realidades incómodas*, por Iván Prieto

**N.º 13. 27 de marzo de 2008, ás 20 horas**
Música: Carmen Dor
Lectura: *Visita nocturna*, por Xabier P. Docampo
Exposición virtual: *Ollando historias*, por Noemí López
O Museo Provincial de Lugo na prensa: Fernando Arribas
Memorias do museo: Lucila Yáñez
Centenario de *A Nosa Terra*: Alfonso Eiré

**N.º 14. 26 de xuño de 2008, ás 20 horas**
Música: Xoán Curiel
Lectura: *A serpe de pedra*, por Agustín Fernández Paz
Exposición virtual: *Zero en conduta*, por Vicente Blanco
O Museo Provincial de Lugo na prensa: Fernando Arribas
Reflexión: *Pulso cívico*, por Xosé M. González

**N.º 15. 25 de setembro de 2008, ás 20 horas**
Música: Juanjo Fernández e Miguel Fernández
Lectura: *Un trasno do museo no Tour de Francia*, por Xosé Miranda

Presentación do Programa de Actividades Didácticas para escolares




Conversa con Baldomero Pestana, por Antonio Reigosa
Memoria: *XXX semanas de cine*, por Xulio Xiz

**N.º 16. 18 de decembro de 2008, ás 20 horas**
Música: Tonhito de Poi
Lectura: *Un paxaro posible*, por Paco Martín
Teatro: Achádego
Memoria: *Achádego, sementeira de soños*, por Camilo Gómez Torres

## Outras actividades e iniciativas

- Convenio co xornal *El Progreso* para a convocatoria do I Premio de Xornalismo «Museo Provincial de Lugo».
- Cupón conmemorativo da ONCE dentro da serie »Museos de España», posto á venda para o sorteo do día 17 de febreiro de 2008.
- Chapas co logotipo e lema conmemorativos.

A ONCE sumouse á efeméride distribuindo un cupón conmemorativo






Obradoiros de verán:
Campamento de arqueoloxía

## Visitantes

Durante o período comprendido entre o 1 de marzo de 2007 e o 10 de xaneiro de 2009 visitaron o Museo Provincial de Lugo 101.106 persoas.

*Por sexos*
Homes: 45.533
Mulleres: 55.573

*Por idades*
De 0 a 10 anos: 15.973
De 11 a 14 anos: 9783
De 15 a 18 anos: 4491
De 19 a 25 anos: 3667
De 26 a 40 anos: 14.483
De 41 a 65 anos: 26.395
De 65 en adiante: 26.314

*Visitantes procedentes do estranxeiro:* 5839
Principais países de procedencia: Francia (1255), Portugal (742), Reino Unido (709), Italia (489), Alemaña (474), Arxentina (344), USA (307), Brasil (185), México (162), Bélxica (104), Uruguai (72).

*Visitantes en grupo*
1092 grupos escolares: 28.153
989 grupos restantes: 29.895

Grupo de maiores visitando a cociña



## Actos da xornada de clausura

O 10 de xaneiro de 2009 o MPL celebrou unha xornada de portas abertas con horario especial de apertura desde as 11 ata as 20 horas.

Editouse un folleto-programa con 75 imaxes do MPL, cun texto de presentación elaborado por Fernando Arribas, e o Programa de Actos do día 10 de xaneiro que se distribuíu polas rúa da cidade e encartado no xornal *El Progreso*.

O xornal *El Progreso* dedicou 4 páxinas á información referida aos actos e *La Voz de Galicia* difundiu un suplemento especial de 8 páxinas con entrevistas, textos e imaxes sobre o evento.

10 de xaneiro de 2009: Recepción de autoridades e invitados



Durante o xornada repartíronse agasallos aos visitantes consistentes en chapas co logotipo conmemorativo do 75 aniversario, calendarios, láminas... En diferentes rúas da cidade houbo teatro de animación a cargo do actrices e actores do Grupo Achádego.

Ás 11:30 horas inaugurouse no refectorio a mostra fotográfica da autoría de Germán Limeres «75 Aniversario do Museo provincial de Lugo», 75 instantáneas dos diferentes actos conmemorativos programadas con tal motivo desde febreiro de 2007 ata a data. Ás 12:30 horas proxectouse un documental sobre o Museo realizado por Antón Abel Rodríguez Casal en 1984.

Ás 16 horas, hora exacta na que tivera lugar a inauguración oficial o 10 de xaneiro de 1934, comezou o acto institucional cos seguintes contidos:

- Recepción das autoridades, convidados e asistentes por parte de don Antón Bao Abelleira, vicepresidente primeiro da Deputación de Lugo, de don Antonio Veiga Outeiro, deputado delegado da Área de Cultura e Deportes e de dona Aurelia Balseiro García, directora do Museo Provincial.
- Breve concerto de benvida a cargo do grupo Sólo Voces.
- Descubrimento da placa-homenaxe aos doadores e benfeitores do Museo, cuxo texto di:

O MUSEO PROVINCIAL DE LUGO,
NO SEU 75 ANIVERSARIO,
EN AGRADECEMENTO AOS DOANTES E
BENEFACTORES POLA SÚA XENEROSIDADE
CON ESTA INSTITUCIÓN



Descuberta da placa-homenaxe




Placa de agradecemento a doantes e benfactores

**10-xaneiro-2009**

- Intervención de Nicandro Ares en representación dos doadores e benfeitores do Museo Provincial (véxase texto en Anexo).
- Visita guiada a cargo do persoal do Museo.
- Ás 17:15 horas comezou o acto de clausura no que interviron don Felipe Arias Vilas, exdirector do MPL e no momento director xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia (véxase texto en Anexo), e don Antón Bao Abelleira, vicepresidente primeiro da Deputación de Lugo (véxase texto en Anexo).
- Sinatura de autoridades e asistentes no Libro do 75 aniversario do MPL.
- Interpretación do Himno Galego.
- Ágape.

## Anexos

### Discurso de D. Nicandro Ares

Invitáronme a unha voda. Nada menos que as vodas de diamante do Museo Provincial. A prata é boa. Mellor é o ouro. Pero o diamante é óptimo. Hai xustamente 75 anos, a esta mesma hora, nacía o Museo. Non viu aquí a luz porque o paridoiro estivo entón no Pazo da Deputación. Foi en 1934 cando a Comisión Xestora da Excma. Deputación e a Xunta do Museo Provincial inauguraba oficialmente esta marabillosa obra cultural lucense.

Invitáronme a unha voda. E forzado pola amabilidade da directora dona Aurelia, e dalgúns colaboradores inmediatos (Reigosa e Arribas), que invocaron a un ser vivo e vello, coma min, para testificar neste xuízo de recoñecemento a tantos benfeitores do Museo Provincial, pensei que sería mellor que dona Aurelia, que non so ten nome de ouro, senón

tamén palabras e feitos, fose quen nos alegrase a todos, descubrindo esta placa de gratitude para os devanceiros.

Pero ben, a min invitáronme a unha voda para que estivese aquí e fixese o que me mandasen. E mandáronme que falase algo.

Cando lin a sucinta memoria do Museo, que acompaña o programa dos actos celebrados neste día e dos que agora os van a pechar, chamoume a atención o número e nome dos fundadores. Son once, como nun equipo de fútbol. Pero coido que xogaban todos xuntos en piña, como nenos ilusionados, correndo tras da pelota dos seus ensoños. Entón pensei que para conmemorar con este acto aquela primeira vitoria de tal equipo, a min abondábame con que me deixasen facer só o saque de honor e que nos divertisen tantos e tan bos xogadores que agora compoñen esta «*plantilla*». Pero non.

A min invitáronme a unha voda. E como eu son crego e nestes días conmemoramos as Vodas de Canaá, nas que Xesús Cristo converteu honradamente a auga en viño e non o viño en auga, porque non era un «augafestas», eu díxenlles ós noivos hoxe, quero dicir, ós amables organizadores deste fastoso evento: eu non teño viño bo para celebrar esta festa, só teño unha pouca auga choca e non teño capacidade de facer milagres. Pero eles contestáronme: non se preocupe que o vino bo témolo nós e probarémolo despois destes actos. Sen embargo eu seguín pensando que a parábola do evanxeo di que o viño bo adoitase a beber de primeiras, e cando os convidados están xa contentos é cando se ofrece a purrela. A sorte que temos hoxe aquí é que tódolos actos programados para esta festa son coma un viño xeneroso, de antes e de agora, de primeiras e de remate.

Xenerosos foron aqueles homes que con grande ilusión e poucos medios humanos e materiais puxeron a andar gozosamente esta criatura. Xenerosos moitos doantes desinteresados que achegaron obxectos valiosos para esta creación cultural, que agora é admiración e deleite para os que a visitan. Contábame Fernando Arribas que ten rexistrado arredor de medio milleiro de doantes que regalaron cousas que estimaban pouco menos ca o seu sangue, para que o Museo saíse adiante.

Non é cuestión de singularizar porque sen dúbida quedarían esquecidas inxustamente algunhas persoas. Pero eu non podo menos de traer aquí un caso que me conmoveu. Un paisaniño do Courel chegou un día á Catedral cunha pequena placa de bronce, que el atopara cavando na terra, a cal estaba adornada cunhas cristas laterais onduladas, na que figuraba dentro dun trazo triangular a cara dun home en medio relevo, e tiña unhas letras gravadas en latín, enmarcadas entre dúas columnas estriadas unha a cada lado. Pensaba el que sería un daqueles cadros (sacras era o seu nome), que usaban os cregos cando dicían misa, as cales antes do Concilio Vaticano II, estaban colocadas de canto no altar, arrimadas ó pé do retablo, para que o cura, vendo aquelas oracións escritas, as puidese así mellor recitar na misa. A aquel paisano atendeuno un ilustre cóengo, membro da Real Academia Galega, e colaborador deste Museo e do Boletín da Comisión de Monumentos. E díxolle a aquel home. Mire, señor, isto non sirve para dicir misa. Mellor é que llo leve ó director de Museo, porque alí é onde debe estar. Aquela placa é unha *Tessera Hospitalis* romana do ano 28 de Cristo, que contén un pacto de protección mutua, entre indíxenas lucenses, cuxo texto anda polo mundo adiante dos científicos, dos arqueólogos, dos historiadores e mesmo de filólogos de alto copete. Isto xa é unha grandeza da que pode presumir o Museo. Pero moita grandeza de ánimo

Intervención de Nicandro Ares, en representación dos doantes e benefactores



era a daquel desinteresado campesiño e daquel sabio cóengo que o orientou sen egoísmo. Non sei se lles deron entón algunha propina; pero eu recórdoos agora con agarimo.

Eu traería aquí de boa gana a memoria de don Manuel Vázquez Seijas, primeiro secretario fundador e director despois da morte de don Luís López Martí. Grazas ó seu tesón, á beneficencia dalgúns filántropos, coma don Antón de Marcos (quen ten neste mesmo pórtico merecidamente a placa de gratitude) e dos Presidentes da Deputación Provincial, aquel xermolo non quedou como expósito onde nacera, senón que foi acollido neste marco incomparable do Convento de San Francisco.

Aquí foi medrando e robustecéndose coa recuperación de pezas arqueolóxicas, que estaban espalladas, adquisicións continuas e doazóns de particulares ou prestacións en depósito, como é por exemplo, a ourivería dos torques e do carneiro alado, cedidos por don Álvaro Gil. Aquí entrou por casualidade, como dixen, a *téssera* romana do Courel.

Don Manuel Vázquez Seijas, numerario da R.A.G., intentou emular para Lugo a don Xosé Filgueira Valverde, fundador do Museo de Pontevedra e da revista que inda hoxe leva este nome. Na cidade das Burgas había tamén intelectuais de altura, que se publicaban no Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, constituído agora por nove tomos, do que é sucesor o actual Boletín do Museo Provincial de Lugo, iniciado en 1983 con nova orientación e formato polo seguinte Director, Felipe Arias Vilas. ¡Que diferenza de traballo había naqueles primeiros estudos mecanografados e compostos letra a letra na imprenta, de índices laboriosísimos, pero preciosos, incomparables coa facilidade dos actuais ordenadores! A modernidade é alucinante, pero algo poderá aprender daqueles intelectuais do pasado que traballaban ilusionados, aínda que penosamente «á lus do candil», como diría don Ánxel Fole.

Termino repetindo. Invitáronme a unha voda. É unha festa gozosa, na que non faltaron nin faltan apetitosos manxares para o espírito e viños de calidade, para que todos gocemos do ben que fixeron os nosos devanceiros e dos que agora inician este ronsel de futuro ata o centenario de 2034. Moitas grazas a todos.

## Discurso de D. Felipe Arias Vilas

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO. Unha particular reseña histórica

Debo expresar, de entrada, o meu agradecemento por poder participar nesta celebración, pero cremos que non corresponde facer aquí un relatorio sobre a historia deste Museo, por ser ben coñecida e incluso publicada en varias ocasións e, así mesmo, por ter sido moi especialmente recordada nesta efeméride.

Si poderemos dar unha breve, moi breve, visión particular con algunhas referencias históricas, pero desde o punto de vista dun museólogo (ao tempo que historiador) que nestes momentos está en funcións de director xeral de patrimonio cultural de Galicia, circunstancia esta que reforza as nosas congratulacións por estar presentes neste evento.

Como todos os museos de ámbito provincial, o de Lugo tivo, desde os seus comezos, os seus aspectos positivos e os problemas máis diversos, as súas vantaxes e os seus inconvenientes, os seus pros e contras, luces e sombras. Ó igual que moitos outros das súas características, algúns deles xa coa súa orixe no século XIX, tivo que acoller e, ademais (xa que ese era o criterio da época) expoñer todo tipo de fondos e obxectos, todo canto resto se considerase de interese histórico, «artístico» e, logo tamén, etnográfico, ou cultural no máis amplo sentido, acollendo así mesmo as pezas máis variopintas do que se deu en chamar artes menores, decorativas e industriais, así como numismática, epigrafía e heráldica de todas as épocas, historia local, etc., etc., e engadindo nos últimos tempos as máis recentes materias gráficas e audiovisuais. Tiveron, pois, que afrontar problemas varios como a escaseza de espazos suficientes e adecuados para a inxente cantidade, e calidade, de fondos, ou a clara insuficiencia de persoal técnico e profesionalizado; circunstancias todas elas moi diversas e cambiantes, que obrigaron a museos como o Provincial de Lugo a evolucionar co decorrer dos anos.

En efecto, neste Museo non foi nunca un problema menor o tema dos espazos que lle foi posible utilizar, desde as salas e corredores da Deputación da etapa inicial ata os actuais edificios, que pasaron por reformas e fases distintas, unhas máis afortunadas e outras máis discutidas. En todo caso e neste tema, cremos que un punto de inflexión fundamental no devir e na evolución do Museo foi o traslado en 1983 á fortaleza de San Paio de Narla da Sección de Etnografía (*latu sensu*) e parte da de Historia (armería, elementos e útiles de transporte…), traslado que o entón presidente da Deputación, Luís Cordeiro, recentemente desaparecido, apoiou con convición.

Pero o maior problema destes centros e tamén sucedeu e sucede en Lugo, é o da inxente cantidade e a moitísima variedade de fondos que tivo que acoller e, noutros tempos practicamente todos eles nas salas de exposición, pois ata os anos setenta non se pensara na necesidade dos almacéns, como xa quedou antes anotado. Calquera pode comprobar esta abundancia e diversidade de fondos revisando os catálogos e xirando visita ós edificios dependentes ou vinculados ó Museo de Lugo.

Xúntese a isto a difícil cuestión dunha escasa dotación de persoal, sobre todo de carácter técnico e especializado deica tempos ben recentes. Ata mediados dos anos setenta se limitaba a un director, un auxiliar administrativo, tres vixilantes de sala, un restaurador ou mestre de oficios, dúas limpadoras e un subalterno moi especial, un auténtico *factotum* que

o mesmo facía debuxos dalgunhas pezas, senlleiras ou non, que levaba a correspondencia a correos ou ó palacio provincial.

Logo de incorporarnos ó centro como funcionario do Corpo Facultativo de Museos dependente do Estado, conseguiuse que a Deputación convocase de xeito máis ou menos estable unha serie de bolseiros/as que permitiron non só facer máis e mellores traballos (entre eles o citado traslado á Torre de Xiá ou a revisión metódica das fichas de inventario), senón que o Museo se abrira a xente nova e a novos retos en todas as súas funcións museísticas principais: a conservación e o incremento de fondos, a documentación e investigación, e a difusión e comunicación. Neste sentido, hai que lembrar que foi tamén nesa época (entre os 70 e os 80 do século pasado) cando se empezou a renovar o persoal auxiliar, de mantemento ou de limpeza, e o de atención ao público, que logo habería de constituírse nun dos mellores activos do Museo.

Aquela incipiente pero crecente profesionalización, que era impensable no museo lucense ata entón, foi, loxicamente e co paso do tempo, consolidándose e hoxe é admitida e demandada por todas as instancias sociais. Pero foi aquela década, concretamos entre 1974 e 1984, unha etapa complexa e complicada, pois sen discutir nunca ninguén o papel irrepetible de Manuel Vázquez Seijas, é igualmente certo que os tempos da museoloxía teórica e da museografía práctica esixían, por exemplo e cítase a xeito de anécdota hoxe case incrible, que non fose un drama cando unha peza saía para unha exposición temporal e semellaba que había que despedirse dela para sempre.

Eran xa tempos en que se precisaba cambiar o criterio da formación das coleccións, facéndoo máis cabal, compensado e científico, ademais do continuo problema que foi sempre o feito de ser recipiendario, case único ata hai moi pouco tempo, dos achados de actividades arqueolóxicas. Tamén era necesario integrarse en redes e ámbitos exteriores cos mesmos obxectivos e fins; había, en fin, que relacionarse máis estreitamente con outros centros, similares ou non, tanto de Galicia como de fóra, e non é casual que naquela altura xermolara, tamén en inicio desde o Museo de Lugo, o que logo foi o Consello galego de Museos.

Dun xeito similar e pola transcendencia posterior que tiveron, pódense citar dous fitos singulares que xuntariamos á montaxe museográfica de San Paio de Narla: en primeiro lugar, a celebración en 1977 do *XV Congreso Nacional de Arqueología*, que deu lugar a unha certa renovación ou modificación expositiva, a que era posible naquela altura, e a unha maior difusión do centro no ámbito arqueolóxico ibérico. En segundo lugar e pouco despois, en 1983, a publicación do primeiro número do Boletín do Museo Provincial de Lugo, que viña seguir a lembrada estela do Boletín da Comisión de Monumentos, desaparecido cinco anos antes e que quedaba xa como un fito indispensable na bibliografía lucense e nas materias relacionadas cos fondos do Museo e o seu contexto xeográfico e histórico. Ambas series permitiron e permiten uns intercambios bibliográficos que fan da súa biblioteca un valor e unha referencia tamén moi salientable neste 75 aniversario.

O Museo de Lugo debe seguir medrando en fondos, en traballo e en dedicación cada vez maior á sociedade, consciente sempre dos problemas que lle son propios a esta clase de centros; e será esa mesma sociedade a que terá que esixir e prover os medios para que este fito singular do patrimonio cultural galego cumpra cando menos outros setenta e cinco anos e, parafraseando a Cunqueiro, que vexa mil primaveras máis…



Sinatura no Libro do
75 aniversario

## Discurso De D. Antón Bao Abelleira

O Museo Provincial de Lugo acaba de conmemorar o seu septuaxésimo quinto aniversario.

*Ronsel de futuro* foi o lema escollido para a conmemoración do septuaxésimo quinto aniversario do MPL. Ronsel para non esquecer que nesta obra colectiva participaron moitos e moitas que deron vida a un proxecto cultural e humano imprescindible xa na historia de Lugo. Futuro por que os presentes e os que nos sigan temos o deber de continuar ese percorrido para que siga sendo útil á sociedade que a creou e que a mantén.

Hoxe que deixamos atrás una etapa e preparamos o futuro resulta imprescindible lembrar a todos os que, 75 anos atrás, contribuíron dende a súa fundación até este mesmo día a facer posible esta realidade.

En 1932, A Deputación Provincial de Lugo toma o acordo, grazas á iniciativa dun grupo de lucenses interesados en temas culturais, de crear o Museo Provincial de Lugo co fin de reunir e protexer os bens do patrimonio cultural lucense, e dende aquela son variadas as vicisitudes polas que a súa vida foi pasando.

En 1934 materializase o acordo de creación coa apertura ao público das primeiras instalacións do Museo, no Pazo de San Marcos. Co paso do tempo os fondos foron aumentando e tamén problemas de espazo fixeron imprescindible buscar solucións que se plasmarían 13 anos despois cando en 1957 o Museo Provincial pasa a ocupar tres das dependencias que se conservan do antigo convento de San Francisco (cociña, claustro e refectorio).

O arquitecto vigués Manuel Gómez Román deseña un novo edificio con traza de pazo galego que integra as dependencias do vello cenobio, e dota á institución de novas e amplas salas de exposicións. É de significar que a este arquitecto pouco recoñecido que deixou un pegada indelébel coa súa obra baseada no seu galeguismo arquitectónico e a súa fidelidade aos materiais e estilos do país como elementos identitarios propios, a el lle debemos que, ademais, este edifico sexa Ben de Interese Cultural dende a súa declaración en 1962, o 1 de marzo, como Monumento Artístico.



Acto oficial de clausura: Felipe Arias Vilas, Director Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, Antón Bao Abelleria, Vicepresidente primeiro do Deputación de Lugo, Antonio Veiga Outeiro, Deputado delegado da Área de Cultura da Deputación de Lugo e Aurelia Balseiro García, Directora do Museo Provincial de Lugo

Permítanme que aproveite a mención a quen soubo dotarnos deste magnífico escenario para que faga noso o obxectivo que el propoñía para a arquitectura galega: Actualizar e chegar á modernidade cun sinal de identidade propiamente galego. Que ese sexa tamén o eixo do futuro do Museo de Lugo.

Dúas novas remodelacións se acometen en etapas posteriores; a finais da década dos sesenta, o Museo é ampliado cara a Rúa Nova polo arquitecto Pérez Barja, seguindo o proxecto de inicial de Gómez Román e creando os soportais que hoxe existen. Nos anos 90 procédese a unha nova ampliación a cargo de Antonio González Trigo.

Así chegamos á actualidade en canto ao continente. Agora cómpre dirixir a nosa memoria e o noso cariño cara o factor humano que fixo posible que esteamos aquí celebrando 75 anos de vida cultural e social.

En primeiro lugar quero referirme aos moitos que de xeito case anónimo foron, paulatinamente, incrementando o legado artístico e cultural que atesoura o Museo. Na homenaxe que anteriormente rendemos aos e ás xenerosos doantes ao museo pretendemos tamén simbolizar ao pobo de Lugo e ao galego en xeral, que deron vida á obra colectiva da nosa cultura, da nosa arte, da que o Museo é orgulloso e digno tesoureiro. A eles, a elas, moitas grazas.

Pero o noso agradecemento non pode pasar por alto aos que decidiron que existirá e aos que durante os 75 anos de historia lle foron dando forma. Dende a Xunta Reitora que o viu nacer encabezada por Luís López Martí, ata quen podemos afirmar que fundou e deu corpo ao Museo: Manuel Vázquez Seijas. Foi o seu primeiro secretario e director desde 1948. A el débeselle a posta en marcha do museo, o seu desenvolvemento, a recuperación de numerosas pezas arqueolóxicas, a ampliación de salas, a publicación do seu boletín e o traslado ás dependencias do que fóra o convento de San Francisco. Tres décadas de labor foron a semente do actual Museo.

A el seguírono persoeiros como Xosé Trapero Pardo, a década que Felipe Arias o dirixiu ou posteriormente Lucila Yáñez, máis recentemente Encarna Lago que dende a súa responsabilidade como xerente da Rede Museística se encargou de dirixir e impulsar nestes case dous últimos anos os actos de conmemoración deste aniversario. A todos eles lles debemos fondo agradecemento.

Agora é o momento de Aurelia Balseiro, á que lle encomendamos o reto de afrontar o futuro mantendo vivo o legado anterior. Moitos éxitos no seu labor é o que lle desexamos.

Así mesmo quero salientar outro labor calado, silente pero imprescindible; o de todos os traballadores e traballadoras do Museo que durante estes anos e na actualidade son a base fundamental do funcionamento, da vida do Museo Provincial. Para todos eles, os pasados e os presentes a nosa gratitude.

A todo este patrimonio humano o recoñecemento por facer posible o éxito colectivo de manter o espírito de protección e divulgación do tesouro cultural de Lugo.

Este ano de intensa actividade converteuse no escenario perfecto para materializar a transición entre un ciclo que se pecha e unha nova etapa que se inicia a partir de hoxe. A programación de actividades serviu para abrir á cidadanía este espazo, referente cultural na vida lucense, para que o sintan como propio. Fíxose un importante esforzo por achegar o museo aos lucenses e tamén se abriron as portas para moitos artistas que por primeira vez expoñían no Museo.

As cifras non teñen por que ser as determinantes da calidade pero si dese obxectivo tamén fundamental de abrir e facer participe do Museo á sociedade. E o dato obxectivo que corrobora o éxito do programa é o número de visitantes, que pasou de 43.658 en todo o 2007, a 61.031 persoas no 2008.

Os fondos do Museo son numerosos, variados e algúns deles fundamentais na historia de Galiza. Nesta nova etapa, un dos obxectivos principais será realizar un proxecto museográfico que defina o carácter expositivo dos diferentes espazos. Cómpre realizar unha análise pormenorizada e ver cales son os elementos máis representativos cos que conta o museo entre os seus fondos.

Temos que crear un discurso expositivo coherente que provoque nos futuros visitantes a sensación de estar nun espazo vivo e moderno que recolle parte da historia, do presente e do futuro de Galiza. Queremos un museo lucense, galego e universal.

O ano de celebración do 75 aniversario é un punto de inflexión. Son moitos os cambios proxectados para os vindeiros anos que, como afirmou a nova directora o día da súa presentación, van dirixidos a «primar a calidade sobre a cantidade». Establecer una liña expositiva renovada que se debe concretar a través dun proxecto museográfico que nos obrigue a redefinir os espazos e os contidos das exposicións permanentes e tamén a marcar novos criterios para as exposicións temporais.

Como antes do ano 57 o Museo atópase hoxe perante a necesidade de ampliar e adecuar as instalación para, ademais das súas función tradicionais, atender á demanda social, ubicarse nas prioridades que demanda a actualidade museística e cultural, sen perder de vista o seu labor formador e educativo. Os novos tempos demandan que formulemos novos proxectos para entender, comprender e visitar os museos.

Quero lembrar, neste sentido, que o cambio de rumbo comezou no momento en que quedaron libres os espazos que ocupaba a obra de Nelson Zúmel e que no futuro se poderán dedicar a novos fins. Un dos retos de futuro do Museo Provincial é a súa ampliación, financiada a través do plan Urban, que permitirá que o museo acrecente as súas mermadas dependencias.

Nese ronsel de futuro abríronse xa vías importantes que deben ter continuidade e ampliarse no futuro:

A adecuación ás novas tecnoloxías da comunicación como espazo fundamental para o coñecemento e divulgación do seu contido.

A especial atención ás persoas con discapacidades ou máis desfavorecidas como piar fundamental para facermos un Museo máis xusto que pense constantemente nas maiorías sociais.

O especial esforzo por atraer á mocidade como xeito imprescindible de transmitir ás xeracións vindeiras o noso legado cultural.

E, por suposto, non pode falta nesta alusión outro elemento fundamental: os artistas. Eses que día a día enchen cos súa obra, coa súa capacidade creativa as salas do Museo. Para todos eles abrimos as portas. Marcámonos como propósito que sobre todo a arte lucense e galega teña entre estes muros a posibilidade de mostrarse ao mundo e nese labor continuaremos, potenciando aos novos creadores para os que o Museo de Lugo debe ser tamén una oportunidade.

Ademais pretendemos impulsar o museo como centro de investigación para estudosos e como centro de formación ofertando bolsas para traballar no museo, como se está a facer, cumprindo cunha tradición do pasado. Quero lembrar que durante este último ano moitas exposicións contaron coa presenza de anteriores bolseiros do Museo que tiveron a través delas a posibilidade de iniciar o seu camiño como recoñecidos artistas que hoxe son.

Para ir rematando, gustaríame citar as palabras da nova directora Aurelia Balseiro na súa concepción do que debe ser esta institución: **un instrumento de desenvolvemento social e cultural ao servizo dunha sociedade democrática.**

En definitiva, queremos un Museo que ensine o pasado cultural e histórico de Lugo e tamén teña en conta o futuro da arte lucense e galega. Ademais desexamos continuar co camiño aberto neste máis dun ano de celebración no sentido de contarmos cun Museo vivo e aberto á sociedade.

Transformar é non estar nunca quietos, continuemos pois constantemente co labor transformados para que Museo de Lugo o buque insignia da cultura lucense, da cultura deste país creando sempre un Ronsel que conserve a herdanza cultural do pobo e a súa memoria colectiva.

Que así sexa.




Traballadores do Museo Provincial de Lugo en xaneiro de 2009